

TEMA 9: A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL.

1. A DESESTABILIZACIÓN DAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS NOS ANOS TRINTA:

A inicios da década de 1930 todos os grandes logros da 2ª metade da década de 1920 (espíritos de conciliación de Locarno, desarmamento do Pacto Briand-Kellog) resultaron inútiles como freo ás estratexias expansivas de múltiples estados.

A crise económica de 1929 e a Grande Depresión desestabilizaron a economía capitalista e tamén as relacións entre os estados, pasando as relacións internacionais do diálogo á confrontación. Entre as actitudes desestabilizadoras do precario equilibrio internaiconal podemos diferenciar a dos estados revisionistas (Alemaña) e a dos estados descontentos (Italia, Xapón).

Para facer fronte á crise económica moitos estados optaron polo nacionalismo económico e intervencionismo do estado na economía e as relacións internacionais pasan de ter como obxectivo a procura da seguridade colectiva a centrarse nas alianzas e pactos secretos bilaterais que reactivan os focos de tensión.

A crispación entre os estados irá incrementándose ó longo dos anos 30 ata a confrontación coñecida como II Guerra Mundial (1939-1945). Pero na evolución desa espiral de tensións debemos distinguir:

A. Certas circunstancias claves como:

- As tensións creadas pola política militarista e expansionista de Alemaña, Italia e Xapón.
- A debilidade e fracasos da Sociedade de Nacións na arbitrase dos conflitos.
- O desprestixio e desconcerto das democracias parlamentarias europeas.
- A actitude illacionista de USA.
- A desconfianza con que é tratada a URSS nas relacións internacionais.

B. Certos feitos desestabilizadores como:

- **O auxe do imperialismo xaponés:** Xapón invade Manchuria (1931) e China (1937), ante a pasividade de Francia e Gran Bretaña e o claro illacionismo da URSS. A Sociedade de Nacións mostrouse impotente para condear a Xapón como estado agresor.
- **O abandono da Sociedade de Nacións:** Xapón (1932), Alemaña (1933) e Italia (1935) retíranse da Sociedade de Nacións provocando a súa parálise e para acabar formando o eixo Berlín-Roma-Tokio en 1940.
- **O fracaso estrepitoso da Conferencia de Lausana (1933):** Posto que Alemaña aproveita o enfrontamento de USA con Francia e Gran Bretaña (perdóalle as débedas a Alemaña e non a eles) para facer fracasar as discusións sobre desarme e iniciar o rearme clandestino rompendo así co tratado de Versalles e abandonando o espírito de conciliación de Locarno.
- **A busca por Alemaña da revisión do Tratado de Versalles:** Alemaña reclama o corredor polaco de Danzig, intenta anexionar Austria e logra incorporar o Sarre (1935).
- **A inutilidade da creación do Frente de Stressa (1935):** Gran Bretaña, Francia e Italia únense para rexeitar o rearme xa oficial de Alemaña pero esta unión rómpese ó asinarse paralelamente un pacto de axuda entre Francia e URSS e un acordo naval entre Gran Bretaña e Alemaña (morte do tratado de Versalles).
- **O achegamento da Alemaña nazi e a Italia fascista:** Hitler e Mussolini levan a cabo unha política exterior de apoios mútuos na cuestión da conquista de Etiopía (Alemaña apoia a Italia), na militarización de Renania (Italia apoia a Alemaña) e colaboran na Guerra Civil española. Chegando a crear o eixo Berlín-Roma (1936).
- **A despreocupación da URSS pola seguridade colectiva de Europa:** Stalin ante a debilidade de Francia, a pasividade de Gran Bretaña e a actitude antibolchevique da Alemaña nazi e da Italia fascista íllase dos problemas europeos.
- **A habilidade negociadora de Hitler:** O líder alemán logra en 1938 a Gran Alemaña coa anexión de Austria (*Anschluss* de 1938) e ademais a ampliación do “espazo vital” coa incorporación dos Sudetes (na conferencia de Munich de 1938) aproveitando a debilidade

absoluta de Francia e Gran Bretaña e as posturas illacionistas da URSS (Stalin) e de USA (F.D.Roosevelt)

En 1939 a situación de desestabilización é total e esta circunstancia provoca entre os estados unha carreira de alianzas, tratados e pactos á procura de situarse nunha situación de fortaleza ante o inevitable conflito mundial. Entre as alianzas destacan:

- Tratado defensivo Gran Bretaña/Polonia.
- O pacto de Aceiro como reforzamento da alianza de Alemaña/Italia.
- O Pacto de non agresión entre Alemaña (Hitler) e a URSS (Stalin), coñecido como Pacto Ribbentrop-Molotov, no que se acorda en segredo o reparto de Polonia

O fracaso total da política británica de apaciguar a Alemaña e da política francesa de mantela illada, unido á neutralidade da URSS, permite a Hitler invadir definitivamente Polonia, provocando o inicio da II GM en setembro de 1939.

2. II GUERRA MUNDIAL: OS TRAZOS ESENCIAIS. A ORGANIZACIÓN DA VICTORIA ALIADA.

2.1. OS TRAZOS ESENCIAIS:

- a) **EXTENSIÓN XEOGRÁFICA:** A II GM enfrontou a Alemaña-Italia-Xapón, apoiados por Hungría, Rumanía, Finlandia, República do Báltico, etc (O EIXO) con G.Bretaña-EEUU-URSS, apoiados por gobernos no exilio dos países invadidos, as repúblicas de Sudamérica e as colonias británicas (OS ALIADOS).

A guerra terá dous espazos ben diferenciados: a área **europaea-mediterráneo-norteafricana-atlántica** e a **área do leste asiático-pacífico**. A clave estratéxica das potencias do eixo estaba en unir as dúas áreas de conflito, antes de que os EEUU entrasen na guerra, controlando os alemáns os territorios de Turquía, Irán, e os xaponeses Birmania e India, o río Indo sería a divisoria das futuras zonas alemana e xaponesa.

Alemaña logrou unha rápida expansión por Europa, pero fracasou, no seu avance pola URSS, e o Xapón logrou unha rápida expansión polo Pacífico (a costa das colonias francesas, holandesas e Británicas), pero asustou demasiado pronto ós EEUU, que se viron obrigados a entrar na guerra no Atlántico e no Pacífico.

- b) **DURACIÓN DO CONFLICTO.** A guerra tivo unha duración diferente segundo as áreas:

- **Na área europaea-mediterránea-norteafricana-atlántica**, o avance alemán iniciouse en 1939 e ata 1941 supón un dominio fácil sobre Polonia, Noruega, Holanda, Bélxica, Francia ... Aínda que atopa resistencia na Gran Bretaña (fracaso do bombardeo aéreo) e ralentízase nos Balcáns (polos erros italianos). As dificultades aparecen, a partir de 1941, no fronte Leste, co intento tardío de invadir a URSS que acaba na derrota alemana de Stalingrado (1943). A entrada dos EEUU no conflito reforza o fronte sur e oeste. Os desembarcos en Italia e Normandía (1944) supoñen o principio da derrota alemana. En maio de 1945 Alemaña é invadida desde o Leste(soviéticos) sur e oeste (EEUU, Gran Bretaña).
- **Na área do leste asiático-Pacífico**, o avance xaponés iníciase xa en 1937 coa guerra chino-xaponesa, continúa coa invasión das colonias francesas, holandesas e británicas. Refórzase a expansión xaponesa cun pacto de neutralidade coa URSS en 1941 ... pero paralelamente os EEUU asústanse da expansión xaponesa e entran en guerra para tentar salvar o pacífico sur. As primeiras victorias dos EEUU non chegan ata 1942 , a superioridade non se dá ata 1943 e a ofensiva final sobre o Xapón non ten lugar ata agosto de 1945 apoiada pola declaración de guerra da URSS ó Xapón e o uso da bomba atómica. Os aliados iniciaron a guerra divididos e sen estratexia clara, pero o tempo e os recursos xogaron ó seu favor.

- c). **NOVAS FORMAS DE GUERRA.**

Os alemáns recorriron a táctica de guerra relámpago (blitzkrieg) apoiados na aviación e nos carros de combate e romperon facilmente as defensas estáticas de Polonia e Francia.

Foi clave no conflito o maior control das materias primas dos aliados (Alemaña dependía do petróleo da URSS e Italia e Xapón do comercio USA).

Nas zonas ocupadas europeas recórrese á “Resistencia Civil” moito máis estendida e organizada no Leste que no Oeste (sabotaxes, atentados, ...)

Os aliados propuxeron como obxectivo aceptar só unha rendición incondicional das potencias do Eixo, os alemáns e xaponeses responderon coa táctica de guerra total ... en Europa a guerra total agravouse coa política de exterminio de xudeos, xitanos, homosexuais, etc. nas cámaras de gas e fornos crematorios dos campos de concentración (os aliados non fixeron nada para evitar o holocausto).

Durante a guerra os dous bandos usaron a ciencia para elevar a capacidade de destrución dos exércitos (bomba atómica) e para experimentos recistas con humanos.

A ORGANIZACIÓN DA VICTORIA ALIADA.

Na conferencia de Terranova de 1941 Gran Bretaña e EEUU asinan **A Carta do Atlántico**, nela pactan un apoio mutuo económico e militar e a unificación de forzas para derrotar a Alemaña e, posteriormente, a Xapón. Estes aliados aínda non contaban coa necesidade de aliarse coa URSS (en 1941 Stalin aínda optou por reforzar o pacto de neutralidade Xermano-soviético asinando outro co Xapón)

- **A conferencia de Wasington de 1942**, celébrase tras o fracaso alemán na invasión da URSS e supón: a confirmación da alianza da Gran Bretaña, EEUU e a URSS, o nacemento das Nacións Unidas (agrupan a 26 estados aliados en torno a GB, EEUU e URSS).

Pero pronto xurden as disputas entre os aliados por como debe colaborar cada estado para garantir a victoria e como debe organizarse a paz. Pois Stalin, ante a actitude de Roosevelt e Churchill (primeiro neganse a abrir un fronte de batalla na costa francesa, despois optan por facelo no norte de África deixando só ó exército vermello da URSS resistindo os alemáns e, por último, os EEUU acaban por reducir forzas militares en Europa para usalas no Pacífico), decide desconfiar da alianza e facerse co máximo de territorios reconquistados a Alemaña.

A partir de 1943 os dirixentes dos países aliados (Stalin, Churchill, Roosevelt) deciden celebrar sucesivas conferencias co obxectivo de programar unha estratexia bélica de guerra ata a rendición sen condicións e pactar a organización da paz repartíndose o mundo segundo o criterio de áreas de influencia. Nestas conferencias destaca a tensión crecente entre británicos e soviéticos e o achegamento progresivo entre Stalin e Roosevelt.

- **A Conferencia de Teherán** (Dec 1943) Ante o rápido avance soviético sobre centroeuropa, GB e EEUU apresúranse a solicitar unha conferencia para pactar as estratexias de guerra, as áreas de influencia política nas terras liberadas e o futuro de Alemaña. Stalin obriga a Roosevelt (EEUU) e Churchill (Gran Bretaña) a viaxar ata o sur da súa fronteira e trata de dividilos (trata a Roosevelt con aprecio e a Churchill con frialdade) para lograr acordos beneficiosos. Entre as claves da conferencia están:
 - Que os EEUU obrigan a GB a aceptar o desexo da URSS de abrir unha fronte de guerra en Francia (acordo sobre o desembarco de Normandía para 1944) e a liberdade da URSS para avanzar hacia Alemaña.
 - Que Gran Bretaña opta por buscar pactar coa URSS as áreas de influencia nos Balcáns (Grecia e Iugoslavia para GB e Rumania e Bulgaria para a URSS).
- **A Conferencia de Ialta** (Febreiro de 1945). Nesta conferencia volven a reunirse Stalin, Churchill e Roosevelt. Roosevelt opta por facer concesións a Stalin porque necesita da URSS o apoio no Pacífico.
 - Churchill logra eleccións libres, para as zonas liberadas pola URSS, pero as garantías que dá Stalin son difusas.
 - Roosevelt consegue de Stalin que a URSS entre en guerra co Xapón e participe na consolidación das Nacións Unidas.

- Todos aproban desarmar Alemaña e dividila en catro zonas administradas pola URSS, GB, EEUU e Francia.
- Decídense as fronteiras de Polonia: Liña Oder-Neisse (Alemaña), liña Curzon (URSS).

▪ **A Conferencia de Postdam** (xuño de 1945): Esta conferencia está dominada por Stalin. Caracterízase por celebrarse tras a derrota de Alemaña e coa ausencia de Churchill (perde o cargo de Primeiro Ministro) e de Roosevelt (morre) e terá como obxectivo triple: acordar as reparacións de guerra que debe pagar Alemaña, confirmar a fronteira Oeste no Oder-Neisse e definir o futuro político de Alemaña.

Polo tanto as conferencias foron un intento sucesivo de procurar a victoria na guerra e a organización da paz, pero a realidade é, que despois de tanta conferencia nunca se asinou un tratado de paz dos aliados con Alemaña e tampouco da URSS co Xapón ... polo tanto a II GM nunca terminou, senón que quedou conxelada pola Guerra Fría. Podemos afirmar que a II Guerra Mundial que enfrontou a dous bloques: O bloque socialista controlado pola URSS e o bloque capitalista controlado polos EEUU que se disputan as áreas de influencia no planeta .

3.- AS CONSECUCENCIAS DA II GUERRA MUNDIAL:

3.1.-AS CONSECUCENCIAS DEMOGRÁFICAS:

A II Guerra Mundial provocou máis de 60 millóns de mortos, 35 millóns de feridos e 3 millóns de desaparecidos. Foi unha guerra total cun fortísimo impacto sobre a poboación civil, pois mais da metade das vítimas foron civís, que morreron a causa dos bombardeos das cidades, as deportacións masivas, os campos de concentración e exterminio e a fame. Non se contabilizan as vítimas da posguerra relacionadas coas secuelas da guerra (persoas feridas, desnutridas, contaminadas pola radioactividade, etc.)

Nesta guerra os desprazamentos de poboación foron de proporcións espectaculares:

- **En Europa:**
 - **Durante o conflito.** - Hitler e Stalin provocaron/decidiron grandes desprazamentos de poboación dentro dos seus propios estados e nos territorios que foron ocupando/liberando.
 - **Na posguerra.**- O novo deseño de fronteiras imposto polos aliados, motivou que 30 millóns de europeos, pertencentes a minorías étnicas, deambularan de xeito caótico ... moitos dos xudeus sobreviventes o holocausto nazi optaron por emigrar cara os EE.UU. e a Palestina.
- **En Asia:**
 - **Durante o conflito.** - Millóns de xaponeses desprazáronse cara os territorios conquistados co obxectivo de reorganizalos en función dos intereses económicos e bélicos do imperio xapones.
 - **Na posguerra.**- Millóns de xaponeses tiveron que ser repatriados as illas niponas.

3.2.- AS CONSECUCENCIAS ECONÓMICAS.-

A II Guerra Mundial provocou a reconversión de todas as actividades económicas en función dos intereses bélicos e unha enorme destrución da riqueza. Os estados practicaron un fortísimo intervencionismo económico (controlaron e fomentaron os sectores productivos estratéxicos, favoreceron a incorporación masiva das mulleres a postos de traballo, impuxeron medidas de racionamento, decretaron requisas de materias primas ou de produtos, etc.) e a destrución máxima posible das infraestruturas de comunicacións e das estruturas productivas do inimigo.

- **En Europa:**
 - **Durante o conflito.**- Os dirixentes de Alemaña, nas etapas iniciais, reorientaron o sistema productivo dos territorios que foron ocupando, en función dos intereses do Terceiro Reich alemán, contado coa colaboración masiva da poboación, que soportou as requisas continuas e a explotación de millóns de persoas como escravos laborais ...

pero, na fase final, Alemaña sufriu unha forte devastación das súas cidades e estruturas productivas. Mentres os dirixentes da U.R.S.S., nas etapas iniciais, para defenderse da invasión alemana apostaron polo traslado das estruturas de produción industrial o leste dos Urais e por devastar o territorio no oeste; na fase final, forzou o control político dos territorios “liberados”, en Europa Oriental e impuxo a reorientación das súas economías en función dos intereses económicos soviéticos.

Podemos afirmar que o deterioro económico dos estados de Europa Oriental foi total (provocado pola ocupación nazi, os actos terroristas dos partisanos ou resistentes e a liberación soviética) e o de Europa Occidental so foi parcial (menor actividade da Resistencia contra a ocupación e a liberación tardía por Gran Bretaña e EE.UU)

- **Na posguerra.-** Mentres os estados de Europa Occidental lograron unha pronta reconstrucción, favorecidos pola axuda financeira dos EE.UU.; A U.R.S.S., pero sobre todo os estados de Europa Oriental, tiveron unha lenta e escasa recuperación das súas infraestruturas de comunicacións e estruturas productivas.

- **No Surlleste asiático e o Pacífico:**

- **Durante o conflito.-** Os dirixentes xaponeses, nas etapas iniciais, reorientaron a produción dos territorios conquistados/liberados en función dos seus intereses económicos e bélicos ... pero, na fase final, a derrota de Xapón implicou un caos económico no Xapón e o rexeitamento de moitas excolonias a aceptar unha nova reorientación das súas economías un función das antigas potencias coloniais dos brancos (proceso descolonizador).
- **Na posguerra.-** Xapón logrará unha pronta e espectacular reconstrucción, coa axuda financeira dos EE.UU.

Moitos dos estados que permaneceron neutrais (Suecia) ou mantiveron os seus territorios alonxados das fronteiras de guerra (Australia, Canada, EE.UU.) non sufriron os efectos devastadores da guerra sobre as súas economías e ademais lograron un gran incremento da súa riqueza. Sobre todo os EE.UU., que pasaron a converterse na gran potencia industrial, comercial e financeira do mundo.

Os gobernantes, no inicio da posguerra, ademais de preocuparse pola reconstrucción, estaban moi pendentes da aparición dunha crise económica, que podía presentarse tanto como:

- Unha crise da oferta, na que a escaseza de produción rematase provocando un fenómeno de hiperinflación (como sucedera o rematar a I Guerra Mundial).

- Unha crise da demanda, na que o baixo nivel adquisitivo dos consumidores provocase un fenómeno de sobreprodución e deflación (como sucedera na Crise de 1929 e a Grande Depresión).

Pero as decisións para evitar a crise foron distintas:

- **Na U.R.S.S. e na súa área de influencia ou estados socialistas**, os gobernantes lograrán evitar a aparición da crise económica, aplicando o modelo de economía planificada sen liberdade de mercado, pero atoparán dificultades para progresar cara o benestar.
- **Nos EE.UU. e na súa área de influencia ou estados capitalistas**, os gobernantes apostaron por manter o modelo de economía de libre mercado, corrixido cun forte intervencionismo do estado (introduciron normas para regular a reconversión productiva, asegurar a cobertura das necesidades básicas, fixar salarios mínimos e seguros sociais, etc.) lograrán evitar a aparición da crise económica e alcanzar o “Estado do benestar”.

3.3.- AS CONSECUENCIAS MORAIS E CULTURAIS.-

A II Guerra Mundial provocou un profundo trauma moral na poboación mundial, pola xeneraliza e sistemática vulneración dos dereitos máis básicos dos individuos e dos pobos.

O impacto resultou máis brutal na inmediata posguerra, cando se tivo coñecemento:

- Dos exterminios masivos practicados polos nazis nos campos de concentración (as masacres practicadas polos soviéticos, xaponeses e grupos de resistentes foron mais silenciadas).
- Dos bombardeos de castigo dos aliados sobre as cidades alemanas, na fase final da guerra.
- Dos efectos apocalípticos das radiacións das bombas atómicas sobre as cidades e os habitantes de Hiroshima e Nagasaki.
- Estendeuse un profundo malestar polo emprego da ciencia con fins destrutivos (experimentos racistas con humanos, novas técnicas para favorecer o exterminio, bombas atómicas, etc) e polo desinterese que mostraron os aliados por tratar de impedir o holocausto dos xudeus, xitanos, etc.

O rexeitamento á cultura da barbarie, practicada tanto polos invasores como polos resistentes ou polos propios liberadores, derivou na proclamación dunha **Declaración de Dereitos Humanos en 1948**.

Pero o trauma polas brutalidades realizadas, sufridas ou consentidas e o terror a unha posible III Guerra Mundial atómica, permaneceu afectando a poboación mundial durante case toda a 2ª metade do século XX.

3.4.- AS CONSECUENCIAS POLÍTICAS. -

- A derrota de Alemaña, Italia e Xapón implicou e a desaparición da nova orde xeopolítica imposta por Alemaña en Europa e por Xapón no Pacífico e o descrédito e o rexeitamento total das ideas fascistas.
- A victoria dos aliados favoreceu o incremento da credibilidade das ideoloxías liberal democrática e socialista.
- A organización da victoria polos aliados implicou a imposición dunha nova orde xeopolítica, dominada polos intereses dos EE.UU. e da U.R.S.S
- Producíronse grandes cambios territoriais en Europa, destacando:
 - o O reparto de Alemaña, e a súa capital Berlín, en catro sectores administrados por Gran Bretaña, Francia; EE.UU. e a U.R.S.S.
 - o A forte expansión da U.R.S.S. cara u oeste a costa dos territorios das repúblicas do Báltico e de parte de Polonia.
 - o As novas fronteiras de Polonia, que compensa os territorios cedidos no leste a U.R.S.S. coa ampliación dos seus territorios polo norte e oeste a costa de Alemaña.
- Xurdiron movementos prodescolonización en Asia, aproveitando a derrota do Xapón e a debilidade das antigas potencias colonizadoras europeas, destacando o inicio dos procesos descolonizadores:
 - o En Vietnam, fronte a Francia.
 - o Nas illas de Indonesia, fronte a Holanda.
 - o Na India, fronte a Gran Bretaña.
- Decidiuse a creación da **Organización das Nacións Unidas (O.N.U.)**, como fórmula para salvagardala paz.

A ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS (ONU):

A) AS ORIXES DA ONU.

A idea de crear a ONU xurde nas reunións ou conferencias que celebraron os aliados desde o ano 1941 . Nun principio, Gran Bretaña, EE.UU. e a U.R.S.S. lograron unir un conxunto de 26 países disposto a asinar unha declaración de constitución das Nacións Unidas fronte a Alemaña e Xapón.

Os EEUU, GB, URSS buscaron a colaboración dos dirixentes de Francia antinazis e dos dirixentes de China antixaponeses para fortalecer e acelerar o proceso de creación dun organismo capaz de lograr a seguridade internacional.

O impulso definitivo para crear a ONU deuse na Conferencia de Ialta de Febreiro de 1945, cando Stalin decidiu aceptar as propostas estadounidenses de considerar como membros fundadores a EEUU, Gran Bretaña, URSS, China e Francia (que se reservaban o dereito a exercer o veto sobre calquera decisión do futuro Consello de Seguridade) e de convocar unha conferencia en San Francisco, para o mes de abril de 1945, co obxectivo de debater e asinar a Carta fundacional..

Os debates da **Conferencia de San Francisco de 1945** sobre a Carta de fundación ou Constitución da O.N.U. centráronse en tres cuestións:

- O procedemento que se seguiría para tomar as decisións dentro do Consello de Seguridade ... as cinco grandes potencias lograron confirmar o seu dereito ó veto, a pesar das protestas dos estados pequenos e medianos.
- Os obxectivos económico-sociais que debía asumir a ONU para facer posible unha posguerra con seguridade económica e social. Acordarse recoller na Carta a necesidade dunha cooperación socio-ecómica internacional.
- A xurisdicción do Tribunal internacional: moitas das nacións néganse a admitir a obrigación de someter todos os conflitos ó tribunal e acaba acordándose que os estados só quedan obrigados a cumprir as decisións do tribunal se aceptaron someterse a súa xurisdicción de mutuo acordo.

Esta Carta das Nacións Unidas aprobada en San Francisco elaborouse de acordo cuns principios e coa intención de lograr certos propósitos.

B) OS PRINCIPIOS E PROPÓSITOS DA CARTA DA ONU:

Entre os **principios** resaltan:

- O principioo da igualdade entre os estados ... todos os estados teñen iguais dereitos e deberes.
- O principio de non inxerencia ... todos os estados deben absterse de intervir nos asuntos ou conflitos internos dun estado.
- O principio de renuncia a guerra como instrumento para resolver as súas disputas con outros estados ... só cabe o recurso á guerra no caso de lexítima defensa e como medio para defender os principios da Carta das Nacións Unidas.
- O principio de obrigatoriedade de prestar axuda a calquera acción aprobada pola ONU ... colaborando solidariamente para facer posible os propósitos.
- O cumprimento obrigado dos principios da Carta por todos os Estados ... tanto os Estados membros como os non membros.

Entre os **propósitos** que pretendía levar a cabo a Carta destacan:

- Manter a paz e a seguridade internacional ... levando a cabo accións preventivas ou emprendendo accións correctivas para frear e facer desaparecer as tensións.
- Lograr impoñer o dereito único da ONU a intervir como forza armada (os cascos azuis) ... contra calquera estado membro ou non membro que ameace a paz internacional.
- Fomentar o desenvolvemento económico, social e cultural ... coa intención de evitar tensións crises e conflitos que puidesen por en perigo a paz.
- Promover as relacións de amizade entre os estados ... defendendo a igualdade de dereitos e o principio de autodeterminación dos pobos.
- Estender o respecto ós dereitos humanos ... promovendo o goce das liberdades persoais e políticas.

Os principios e os propósitos da Carta víronse pronto moi alterados polo impacto da Guerra Fría e dos proceso de descolonización nas relacións internacionais, posto que os membros permanentes do Consello de Seguridade (EEUU, Gran Bretaña, URSS, China e Francia) abusaron do seu dereito a vetar as decisións que lles prexudicaban ... provocando así certas fases de parálise do funcionamento da ONU.

C) A ESTRUCTURA ORGÁNICA OU ORGANIGRAMA DA ONU:

Para lograr eses propósitos e de acordo con eses principios vanse crear diversos organismos ós que se lles encomenda determinadas funcións:

- *A ASEMBLEA XERAL: Integrada por todos os representantes dos estados membros, con tarefas de discutir, deliberar e facer recomendacións sobre cuestións que afecten a paz e seguridade internacional.*
- *O CONSELLO DE SEGURIDADE: Integrado só por 15 membros, cinco deles serán permanentes e terán o dereito a “Veto” (EEUU, URSS, G. Bretaña, China e Francia). Terá a función de tomar as decisións cando se considere que algun estado pode poñer en perigo a paz e seguridade internacional.*
- *O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL: Agrupa, actualmente, a 50 membros. Ten a función de preparar estudos e informes sobre cuestións económicas, sociais, culturais, educativas e sanitarias para a Asemblea Xeral ou para o Consello de Seguridade. Para repartir as tarefas deste Consello créáronse multitude de comisións especializadas e órganos subsidiarios (entre eles podemos destacar UNICEF, FAO, BIRD, FMI, GATT, UNESCO, OMS, ACNUR...).*
- *O TRIBUNAL INTERNACIONAL DE XUSTIZA: Composto por maxistrados independentes dos Estados. Ten a función de arbitrar os conflitos ente os estados.*
- *A SECRETARÍA XERAL: Dirixida por un secretario Xeral, que ten a función de simbolizar e representar a ONU.*

O contexto de Guerra Fría, da segunda metade do século XX, dificultou a actividade dos órganos da O.N.U. e o cumprimento dos propósitos da Carta.